

VIVE

Emocions á flor de pel

CULTURA RÍAS BAIXAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

✶ ríasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Deseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 389-2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Descubre o que fomos, vive o que somos

CULTURA **RÍAS BAIXAS**

As **Rías Baixas** son sinónimo de **cultura**. Cada cidade, cada municipio, cada rúa e cada recuncho ofrécelles algo único ás e aos visitantes. Recomendámosche que fagas un percorrido polas nosas orixes e que te mergulles na Historia visitando desde núcleos de actividade prehistórica ata festas, museos, grandes pazos ou casas señoriais do século XVII.

As emocións están garantizadas: **sinte Rías Baixas.**

ÍNDICE

Páx. **8 COSTA NORTE**

- 8 Romaría Viqueinga, Catoira
- 9 Festa de San Roque. Festa da Auga, Vilagarcía de Arousa
- 9 Casa-Museo Valle-Inclán, Vilanova de Arousa
- 10 Centro de Interpretación da Conserva, A Illa de Arousa
- 11 Rede de museos de Cambados
- 12 Centro de Interpretación da Muller Labrega, Meaño
- 12 Centro de Interpretación da Salga, O Grove
- 13 Centro de Interpretación da Natureza do Monte Siradella, O Grove
- 13 Acuario, O Grove
- 14 Centro de Interpretación das Telleiras, Sanxenxo
- 14 Casa-Museo de Colón, Poio
- 15 Museo do Mosteiro de Poio
- 15 Centro Arqueolóxico da Caeira, Poio
- 17 Museo de Pontevedra
- 18 Feira Franca, Pontevedra
- 18 Festa de San Benitiño de Léréz, Pontevedra

19 INTERIOR NORTE

- 19 Casa-Museo Fundación a Solaina de Piloño, Vila de Cruces
- 19 Museo da Minería e poboado de Fontao, Vila de Cruces
- 19 Museo Etnográfico Fundación Xosé Neira Vilas, Vila de Cruces
- 20 Museo da Marioneta, Lalín
- 20 Museo Etnográfico Casa do Patrón, Lalín
- 20 Museo Municipal Ramón M.^º Aller Ulloa, Lalín
- 21 Centro Cultural Municipal Manuel Lamazares, Rodeiro
- 21 Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, A Estrada
- 21 MOME. Museo do Moble e da Madeira, A Estrada
- 21 Entroido dos Xenerais da Ulla, Vila de Cruces, A Estrada e Silleda
- 22 Museo Bella Otero, Valga
- 22 Belén artesanal en movemento, Valga
- 22 Aula da Natureza, Caldas de Reis
- 23 Museo Etnográfico Terra de Montes, Forcarei
- 23 Semana Santa de Paradela, Meis
- 23 Centro Arqueolóxico de Tourón, Ponte Caldelas



24 COSTA SUR

- 24 Entroido de Cobres, Vilaboa
- 24 Museo Municipal Manuel Torres, Marín
- 24 Festa de San Miguel e Danza das Espadas, Marín
- 25 Museo Massó, Bueu
- 25 Aula da Natureza de Cabo Udra, Bueu
- 26 Danzas ancestrais de Cangas
- 26 Semana Santa de Cangas
- 26 Museo das Carreiras, Moaña
- 26 Festa de San Martiño, Moaña
- 27 MEIRANDE. Centro de Interpretación da Batalla e do Patrimonio de Rande, Redondela
- 27 Corpus Christi. Festa da Coca, Redondela
- 28 MARCO. Museo de Arte Contemporánea, Vigo
- 28 Museo Municipal Quiñones de León, Vigo
- 28 Museo do Mar de Galicia, Vigo
- 29 VERBUM. Casa das Palabras, Vigo
- 29 Colección de Arte Francisco Fernández del Riego. Casa Galega da Cultura, Vigo
- 29 Fundación Liste. Museo Etnográfico, Vigo
- 29 Casa das Artes, Vigo
- 30 Naturnova, Vigo
- 30 Vigozoo
- 30 Festa da Reconquista, Vigo
- 31 Festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, Vigo
- 31 Museo da Carabela Pinta. Arribada de Baiona
- 32 Museo do Mar, A Guarda
- 32 Museo Arqueolóxico de Santa Trega, A Guarda
- 32 Festas do Monte, A Guarda

33 INTERIOR SUR

- 33 Casa-Museo Pazo da Cruz, Covelo
- 33 Serradoiro dos Carranos, Covelo
- 33 Festa da Rosa, Mos
- 34 Centro de Interpretación da Cultura Popular, Ponteareas
- 34 Corpus Christi, Ponteareas
- 35 MINERGAL. Museo dos Minerais de Galicia, O Porriño
- 35 Museo Diocesano, Tui
- 35 Museo Catedralicio, Tui
- 36 Centro de Interpretación da Natureza do Monte Aloia, Tui
- 36 Festas de San Telmo, Tui
- 37 ARABO. Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea, Arbo
- 37 Casa-Museo Diego de Giráldez, A Cañiza
- 37 Romaría da Franqueira, A Cañiza



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA


X riasbaixas



A riqueza dunha cultura

Mercados, pazos, castelos, romarías, museos, cruceiros, centros urbanos, santuarios, castros, templos... Nas Rías Baixas temos tanta historia coma riqueza, e todos estes lugares forman parte da nosa cultura e da nosa forma de ver a vida. Ao redor deles crecemos, escoitamos historias, lendas e contos, e achégannos unha impagable sabedoría.

Queres coñecelos?



1 CATOIRA

Romaría Viquinga

Aquí é onde os nórdicos iniciaron a partir do século IX as súas incursións en busca do ouro de Compostela. Hoxe, máis de mil anos despois, este municipio celebra a súa Romaría Viquinga para rememorar como os seus habitantes lles plantaron cara aos invasores seguindo as ordes de Santiago. Festa declarada de Interese Turístico Internacional. **Como chegar:** 42.676495 -8.726053



2 VILAGARCÍA DE AROUSA

Festa de San Roque. Festa da Auga

O 16 de agosto é o gran día das festas patronais na honra de San Roque. A celebración dese día foi meramente relixiosa ata 1978, cando foi animada por unhas charangas pamploesas e, debido a unha tremenda onda de calor, os veciños botáronlles auga aos participantes. Así naceu a coñecida Festa da Auga de Vilagarcía de Arousa, declarada de Interese Turístico Nacional desde 2006. **Como chegar:** 42.594174 -8.760690

3 VILANOVA DE AROUSA

Casa-Museo Valle-Inclán

Nunha tipoloxía palaciana aséntase a casa onde naceu Ramón José Simón Valle Peña, máis coñecido como Ramón M.^º del Valle-Inclán. Esta casa-museo, declarada Monumento Histórico Nacional, pódese visitar para admirar unha exposición permanente que conta a vida e obra do escritor. **Como chegar:** 42.562885 -8.827448





4 A ILLA DE AROUSA

Centro de Interpretación da Conserva

O edificio da antiga fábrica de Goday, primeira conserveira industrializada de Galicia, alberga o Centro de Interpretación da Conserva da Illa de Arousa. Esta construción de gran singularidade foi restaurada entre 2000 e 2006 por Manuel Gallego Jorreto, e nas súas proximidades atópase o antigo peirao de Pau. A exposición permanente do centro alberga todo o proceso produtivo dunha conserveira do s. XIX. **Como chegar:** 42.564275 -8.874290



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

Casa-Museo Ramón Cabanillas

Nunha pequena edificación mariñeira situada no barrio de Fefiñáns atópase a Casa-Museo Ramón Cabanillas, no fogar natal do coñecido como “poeta de raza”. Aquí poderemos atopar ambientes, influencias, testemuños, obxectos e un amplo abanico de curiosidades, recollidos para recordar o poeta galego máis importante das Irmandades da Fala. **Como chegar:** 42.518261 -8.814399

Muíño das Mareas da Seca

Este muíño duns 50 metros de longo, construído en 1662 por Gonzalo de Valladares, señor de Fefiñáns, sitúase sobre a enseada de Cambados e aproveita o fluxo e refluxo das mareas para facer funcionar as súas catro moas. Tras a rehabilitación o muíño consérvase como museo para mostrar o legado cultural e popular das Rías Baixas. **Como chegar:** 42.525414 -8.817028

Casa-Museo do Pescador

Cambados é unha vila de tradición eminentemente mariñeira, onde máis de 2.000 persoas viven do mar e hai máis de 400 embarcacións dedicadas á pesca. Este museo hónraas. Trátase dunha construción mariñeira, situada no barrio de Santo Tomé, onde podemos mergullarnos na vida máis auténtica do pescador galego. É a mellor forma de coñecer como vivía (e vive) a xente do mar. **Como chegar:** 42.509415 -8.816438

Museo Etnográfico e do Viño

Este museo etnográfico foi o primeiro de Galicia dedicado ao viño, e tamén un dos primeiros de España. Atópase nunha antiga casa reitoral onde a ou o visitante pode descubrir as distintas etapas históricas do viño, desde a primeira actividade vitivinícola hai máis de 2.000 anos ata a actualidade.

Como chegar: 42.511772 -8.808547



6 MEAÑO

Centro de Interpretación da Muller Labrega

A muller labrega era quen sustentaba as familias galegas co seu traballo no campo e na casa, por iso este centro de interpretación está dedicado a elas e ao seu increíble labor. Situado no pazo de Lis, posúe unha excelente hemeroteca e unha exposición permanente con multitude de elementos cos que as mulleres traballadoras desenvolvían as súas tarefas. **Como chegar:** 42.442627 -8.782315

7 O GROVE

Centro de Interpretación da Salga

A zona de punta Moreiras, en fronte do porto de Meloxo, foi desde sempre un importante asentamento da industria de salga da sardiña. É por iso que aquí se sitúa o Centro de Interpretación da Salga. O visitante pode visitar dúas antigas fábricas de salga restauradas, das que a máis antiga, acondicionada con todos os elementos necesarios para a salga e a conservación da sardiña, está aberta ao público permanentemente. A segunda, que ademais de fábrica de salgadura foi almacén, data de 1931 e conta con embarcadiroiro propio. Esta recreación dá conta da vida dos mariñeiros da época. **Como chegar:** 42.485840 -8.889884





Centro de Interpretación da Natureza do Monte Siradella

Situado no cume do monte Siradella, cun mosaico de diferentes ecosistemas litorais aos seus pés que conforman unha paisaxe de extraordinaria beleza.

Este centro de interpretación é de titularidade pública e está vinculado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Desde 1994 é o centro de información, formación e interpretación do Espazo Natural Protexido Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira. **Como chegar:** 42.470078 -8.880442

Acuario

Desde o seu nacemento, o Aquarium Galicia ten unha misión clara: mostrar a riqueza biolóxica e ecolóxica dos mares de Galicia e presentar a íntima relación entre o mar e as xentes desta terra, así como conservar o patrimonio mariño. Unha visita obrigada. **Como chegar:** 42.483833 -8.891083



8 SANXENXO

Centro de Interpretación das Telleiras

O Centro de Interpretación das Telleiras atópase nunha antiga fábrica onde se elaboraban tellas e ladrillos de forma artesanal. Tras a súa restauración, na que se procurou conservar a súa estrutura de nave industrial e os antigos fornos de granito onde se cocía o barro, pódese observar a combinación da acción do ser humano e da natureza, para render así unha homenaxe ás artesás e aos artesáns. **Como chegar:** 42.446489 -8.832085

9 POIO

Casa-Museo de Colón

En Portosanto atópase a casa coñecida como Casa da Cruz, fronte ao estaleiro no que, segundo contan, foi construída a nave Santa María, tamén coñecida como a Galega, unha das que partiu en expedición ás Indias en 1492.

Nesta casa convertida en museo pódese atopar documentación da época que demostra a existencia dunha familia de navegantes apelidada Colón, así como a inscrición do cruceiro que se atopa ao pé da porta da Casa da Cruz: “Juan Colón R, 1490”. O debate sobre a orixe galega de Colón está servido. **Como chegar:** 42.430279 -8.658032





Museo do Mosteiro de Poio

O Museo do Mosteiro de Poio conta con catro salas de exposición. Durante o percorrido pódese visitar desde un antigo refectorio (comedor) ata unha colección de pintura e libros en miniatura que se atopan nas antigas cortes do convento. No mosteiro de Poio atópase o hórreo de maior superficie de Galicia, que data do s. XVIII. **Como chegar:** 42.446201 -8.685203

Centro Arqueolóxico da Caeira

Na Caeira pódense contemplar algunhas das pezas máis relevantes de arte rupestre grazas a un carreiro polo monte da Tomba. O conxunto está formado por máis dunha vintena de gravados e petróglifos, entre os que destacan Laxe das Lebres e Pedra Grande de Montecelo, declarados Monumento Nacional. **Como chegar:** 42.434047 -8.658780



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

Museo de Pontevedra

O Museo de Pontevedra naceu en 1929 co fin de fomentar o coñecemento sobre a cultura galega nas distintas manifestacións do paso do tempo. Inicialmente instalouse nun fermoso inmoble que data de 1760, coñecido como Edificio Castro Monteagudo.

Como chegar: 42.432626 -8.643051

Posteriormente o museo ampliouse a outros edificios:

- O Edificio **García Flórez**, que data do s. XVIII, foi levantado por Antonio García Estévez e a súa muller Tomasa Suárez Flórez. Posúe un gran pórtico de soportais de tres arcos con robustas columnas na súa fachada frontal. No seu interior podemos atopar mostras de acibeques, gravados, escultura relixiosa, unha cociña tradicional galega, así como o despacho do almirante Méndez Núñez e unha reprodución da cámara da fragata Numançia. **Como chegar:** 42.880493 -8.542557
- O Edificio **Sarmiento**, que data do s. XVIII e era a sede do colexio da Compañía dos Xesuítas. Hoxe en día nas súas salas exhibense fondos arqueolóxicos que van desde a prehistoria ata a época romana, así como o legado de Sánchez Mesas-Fernández de Tejada de arte contemporánea e asiático-oriental. **Como chegar:** 42.432948 -8.642733
- O Edificio **Fernández López** acolle fundamentalmente obras pictóricas dos s. XIX e XX e atópase nos números 8 e 10 da rúa Pasantería. Durante a súa remodelación instaláronse nos seus soportais uns arcos sobre semicolumnas procedentes do pazo dos marqueses de Leis de Campolongo, o que ampliou o bloque. **Como chegar:** 42.432096 -8.643378
- As **Ruínas de San Domingos** tamén forman parte do museo. Son un dos elementos históricos e artísticos máis destacados da cidade de Pontevedra, aínda que fóra da zona monumental. Os restos deste antigo convento, fundado en 1281 da man da Orde Dominicana, datan dos s. XIV e XV. Foi abandonado desde a desamortización de Mendizábal en 1834. Actualmente conserva unicamente a capela maior e as capelas laterais. **Como chegar:** 42.431301 -8.646951
- O **Sexto Edificio** supón para o museo unha ampliación de nova construción de 10.000 m² dedicados a salas de exposicións permanentes e temporais, obradoiros de restauración e un auditorio con capacidade para 250 persoas. Ao longo das súas 23 salas de exposición as e os visitantes poderán observar a evolución da arte galega desde o gótico ata a actualidade, así como as mellores manifestacións artísticas realizadas noutros puntos da xeografía española desde os tempos de Goya ata mediados do s. XX. **Como chegar:** 42.433535 -8.641858



Feira Franca

Ten a súa orixe nun privilexio concedido polo rei Enrique IV en 1467 á cidade para a realización dun mercado libre de impostos, unha tradición que se prolongaría ata finais do século XVI. Para conmemoralo, toda Pontevedra se transforma, caracterízanse as súas rúas e prazas emblemáticas e as e os seus habitantes e asistentes ataviáanse cas vestimentas da época. En 2013 recibiu o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Galego. **Como chegar:** 42.432091 -8.647336

Festa de San Benitiño de Lérez

Está dedicada a San Benitiño, coñecido como o santo máis milagreiro de Galicia. É famoso polos seus poderes para calmar todo tipo de afeccións cutáneas. Cada 21 de marzo e 11 de xullo o mosteiro de San Salvador de Lérez acolle milleiros de persoas devotas que acoden á romaría, que combina gastronomía, tradición popular e fe nos milagres. Foi declarada Festa de Interese Turístico Galego en 1998. **Como chegar:** 42.449292 -8.632619



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas



11 VILA DE CRUCES

Casa-Museo Fundación A Solaina de Piloño

Esta antiga casona, restaurada grazas á iniciativa do pintor Paco Lareo, entre outros, alberga unha importante colección de obras de creadores da comarca de Deza, entre os que se atopan Laxeiro, Colmeiro, Sucasas e outros afamados artistas europeos e americanos. **Como chegar:** 42.798172 -8.25907

Museo da Minería e poboado de Fontao

A importancia da actividade extractiva de Fontao representou durante anos un forte impulso para a economía nacional, ao ser o volframio o produto estrela das exportacións españolas. Foron case 100 anos de actividade extractiva que converten a colección albergada neste centro nunha mostra de suma importancia dentro da cultura das Rías Baixas. **Como chegar:** 42.759083 -8.229352



Museo Etnográfico Fundación Xosé Neira Vilas

Na parroquia de Gres, onde naceu, viviu e morreu o narrador, ensaísta, xornalista e poeta Xosé Neira Vilas, aséntase a Fundación Xosé Neira Vilas, que conta cun centro cultural, unha biblioteca, un museo etnográfico e un salón de actos. **Como chegar:** 42.794140 -8.168400

Museo da Marioneta

Trátase dun espazo pensado para todas e todos os interesados no mundo das marionetas, no que se poden atopar máis de 400 pezas dos cinco continentes. Perfecto para os máis pequenos. **Como chegar:** 42.659374 -8.110255

Museo Etnográfico Casa do Patrón

Neste espazo de máis de 2.000 m² de exposición situado no medio da paisaxe rural expóñense máis de 4.500 pezas, apeiros e auténticos símbolos da tradición e historia de Galicia dos tres últimos séculos. O Museo Etnográfico Casa do Patrón está composto por tres grandes edificios con 13 salas temáticas. **Como chegar:** 42.608914 -8.132012



Museo Municipal Ramón M.^ª Aller Ulloa

Este edificio do século XIX pertenceulle ao sacerdote e sabio astrónomo Ramón M.^ª Aller Ulloa, e é aquí onde se emprazou o primeiro observatorio astronómico de Galicia. Hoxe en día este espazo honra a súa figura e nel expóñense tanto mobiliario como pertenzas persoais e útiles que usaba para desempeñar o seu traballo. Ademais, o museo alberga un total de 37 obras do pintor Laxeiro. **Como chegar:** 42.661209 -8.113330

13 RODEIRO

Centro Cultural Municipal Manuel Lamazares

Este centro cultural comezou sendo unha biblioteca. Actualmente alberga diferentes mostras de arte, restos arqueolóxicos atopados na zona, artesanía tradicional e máis de 47 pinturas doadas polo pintor José Luis Vázquez Vázquez, coñecido como Vila-Seca.

Como chegar: 42.649254 -7.945200

14 A ESTRADA

Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela

Manuel Reimóndez Portela foi un médico e poeta natural da Estrada. O legado cultural que deixou é de incalculable valor, de aí que o museo do municipio leve o seu nome. Alberga desde recordos persoais de Castelao ata recreacións de aulas do s. XX, ademais dunha colección de máis de 100 ferramentas relacionadas coa carpintería. **Como chegar:** 42.687611 -8.486212



MOME. Museo do Moble e da Madeira

Este museo trata de dar a coñecer todo o proceso de transformación da madeira, desde a tala ata a confección de mobles. Explica a evolución do sector desde os seus inicios, tanto nas ferramentas como nas instalacións. **Como chegar:** 42.688557 -8.486341

Entroido dos Xenerais da Ulla

A orixe desta festa data de 1875, cando se formou por primeira vez unha comparsa de entroido na parroquia estradense de Oca. Este famoso entroido celébrase nos municipios próximos ao río Ulla, un total de 33 zonas pertencentes a 8 municipios, dos que 3 están na provincia de Pontevedra. A tradición e a espectacularidade dos seus traxes fixeron posible que fose declarada en 2013 Festa de Interese Turístico Galego. **Como chegar:** 42.691330 -8.490815

Museo Bella Otero

A Bella Otero foi unha bailarina, cantante, actriz e cortesá afincada en Francia durante a Belle Époque francesa. Este centro de interpretación configúrase ao redor deste personaxe pola súa singularidade e recoñecemento mundial. O amor pola súa aldea natal quedou reflectido no seu testamento, no que lles legaba os seus bens ás persoas máis necesitadas de Valga aínda que, a pesar da gran fortuna que gañara, se limitou no seu momento a 609 francos. **Como chegar:** 42.699310 -8.648561

Belén artesanal en movemento

Trátase dunha das composicións do Nadal máis espectaculares de Galicia polas súas dimensións, con máis 3.000 pezas e 250 m². Está construído de forma artesanal pero incorpora novas tecnoloxías para dar movemento a unhas 300 pezas, bombas de auga e iluminación. En 2013 foi recoñecido como Festa de Interese Turístico de Galicia. **Como chegar:** 42.705303 -8.672937



Aula de Natureza

Atópase na planta baixa dun moderno edificio situado na zona do parque e o xardín da Carballeira, un bosque centenario de Caldas de Reis que foi declarado Ben de Interese Cultural pola gran calidade e diversidade de especies arbóreas procedentes de todo o mundo. O centro conta cunha biblioteca especializada en temas ambientais, unha exposición sobre o patrimonio natural, xogos interactivos, percorridos etc. **Como chegar:** 42.604010 -8.640913

17 FORCAREI

Museo Etnográfico Terra de Montes

Nunha casa antiga, típica de Galicia na súa época, atópase o Museo Etnográfico Terra de Montes, que se encarga de evitar que a herdanza das nosas devanceiras e devanceiros quede no esquecemento. Móstranse utensilios de oficios coma o de carteiro, ferreiro etc. Ademais, conta cunha exposición permanente con máis de 700 pezas sobre a vida cotiá e os oficios tradicionais. **Como chegar:** 42.533333 -8.300668

18 MEIS

Semana Santa de Paradela

É unha das máis interesantes das Rías Baixas. Cada ano celebra estas datas cunha grande escenificación e realismo, xa que se teatralizan todas as pasaxes bíblicas da Paixón de Cristo. A súa orixe remóntase aos séculos XVI e XVII, cando se comezaron a representar as lecturas dos evanxeos. A partir da década dos 40 tivo un grande impulso, pero sería a partir dos anos 90 cando se renova o vestiario, se engade calidade aos textos e se poñen en valor as procesións e o viacrucis. Moi recomendable. **Como chegar:** 42.545322 -8.721087

19 PONTE CALDELAS

Centro Arqueolóxico de Tourón

É unha boa antesala para coñecer en profundidade a riqueza arqueolóxica que atesoura un dos complexos de arte rupestre ao aire libre máis singulares de Galicia. Nas súas instalacións atópase ademais a exposición sobre a paisaxe e os asentamentos no Neolítico. **Como chegar:** 42.405542 -8.525322





20 VILABOA

Entroido de Cobres

A orixe desta celebración remóntase a principios do século XVIII, unha tradición que se mantivo viva co paso dos anos e que se converteu nun dos entroidos máis atractivos e vistosos de Galicia. A súa singularidade procede tanto da tradición coma do colorido da indumentaria e as súas actividades. **Como chegar:** 42.323761 -8.656574



21 MARÍN

Museo Municipal Manuel Torres

Manuel Torres foi un importante pintor satírico nado en Marín, de gran renome nacional e internacional. En 1992 inaugúrase este museo na súa honra, despois de que o artista doase ao municipio 77 das súas obras. Ademais de museo é un centro para actividades culturais. **Como chegar:** 42.393181 -8.699521

Festa de San Miguel e Danza das Espadas

Naceu a mediados do século XVII, cando se creou a confraría de San Miguel, patrón do gremio de mareantes. Esta danza ancestral comezou sendo un tributo musical ao santo protector do mar, para agradecerlle as mareas produtivas e que evitase desgrazas. Cos anos a tradición perpetuouse e converteuse nunha celebración relixiosa e cultural na vila de Marín. Finalmente, en 2010 consegue ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia. **Como chegar:** 42.393021 -8.701712



Museo Massó

A do museo remóntase a 1816, cando o industrial Salvador Massó Palau chegou a Bueu e instalou unha fábrica de salga. Esta antiga factoría, onde se creou un museo e unha biblioteca do mar, posúe unha colección que fai un percorrido polas primeiras manifestacións culturais humanas, restos arqueolóxicos, materiais etnográficos do mundo mariñeiro, primeiras latas e sistemas de fabricación etc. **Como chegar:** 42.326900 -8.785303

Aula da Natureza de Cabo Udra

Sitúase no espazo protexido de cabo Udra, pertence á Rede Natura 2000 e está declarado Lugar de Importancia Comunitaria. O centro, que pretende redescubrir os recursos naturais e culturais, mariños e terrestres de cabo Udra, foi galardoado cunha bandeira azul polo seu labor en canto á educación ambiental sobre sistemas litorais e desenvolvemento sustentable, que destaca o valor biolóxico desta zona. **Como chegar:** 42.340465 -8.832843



Danzas ancestrais de Cangas

Relaciónanse co estado da alma e cos sentimentos de agradecemento. Co paso dos anos e coa herdanza das tradicións estas danzas foron declaradas de Interese Turístico de Galicia e convertéronse nun gran reclamo. Algunhas delas son:

A Danza de San Sebastián de Aldán (20 de xaneiro): na honra de San Sebastián interprétase esta danza de damas e galáns, con bailaríns ataviados con traxes moi rechamantes que son considerados grandes reliquias. **Como chegar:** 42.279076 -8.816094

A Danza de San Roque de Hío (16 de agosto): datan o seu nacemento no século XVI. O escenario no que se interpreta é un contorno privilexiado con espectaculares vistas á ría. **Como chegar:** 42.270049 -8.829390

Danza e Contradanza de Darbo (8 de setembro): interpretada polos nobres naceu no século XVI como agradecemento á virxe. Actualmente é unha das máis afamadas pola súa espectacularidade. **Como chegar:** 42.262726 -8.801817

Semana Santa de Cangas

É unha das máis espectaculares polo seu fervor, realismo e a súa orixe mariñeira. A vistosidade das súas procesións é impactante, e o recollemento das e dos fieis e as imaxes artísticas articuladas fan dela unha manifestación de vida dun pobo mariñeiro. **Como chegar:** 42.264159 -8.785155

Museo das Carreiras

Trátase en realidade dun parque etnográfico representado ao aire libre. Explica e mostra o labor artesanal da fabricación de fíos, cabos e cordas empregados nos traballos mariñeiros. **Como chegar:** 42.284435 -8.720358

Festa de San Martiño

Declarada de Interese Turístico de Galicia en 2013 por celebrarse desde o século XII cada 11 de novembro, convertendo o municipio de Moaña no epicentro da comarca, e transformando así a súa tranquilidade nunha explosión de alegría. Imprescindible. **Como chegar:** 42.285358 -8.748932

MEIRANDE. Centro de Interpretación da Batalla e do Patrimonio Cultural de Rande

A ría de Vigo garda celosamente grandes segredos, innumerables riquezas e tesouros. Este centro non só nos mostra posibles tesouros arqueolóxicos e culturais da época da batalla de Rande, senón tamén parte do seu patrimonio industrial e histórico. Todo isto nun enclave perfecto, con vistas á ponte de Rande e en plena enseada de San Simón. **Como chegar:** 42.285126 -8.656155

Corpus Christi. Festa da Coca

A modernidade e a tradición, o relixioso e o pagán, o baile e a procesión, a gabacha e a coca son contrastes que forman parte do peculiar e emblemático Corpus Christi de Redondela, que se celebra desde 1482. Conta a lenda que un día, durante a procesión do Corpus, apareceu a coca que vivía nos mares de San Simón. Desde entón, devoraba raparigas da vila sen que ninguén puidese impedilo. Tras unirse os homes máis valentes do lugar, decidiron acometer o dragón asasino e, cando lograron ao fin darlle morte, festexárono cunha procesión na que as rapazas que eran atacadas pola coca danzaban con nenas nos seus ombreiros, creando así as penlas. Esas danzas, que se repiten cada ano, convierten o Corpus Christi na festa máis solemne da vila. **Como chegar:** 42.283279 -8.609346



MARCO. Museo de Arte Contemporánea

Este edificio de estilo ecléctico data do ano 1861 e construíuse para albergar o antigo Palacio de Xustiza e o cárcere. Hoxe convertido nun dos museos de arte moderna máis soados de Galicia, acolle todo tipo de propostas culturais contemporáneas e basea a súa identidade no dinamismo da súa programación e espírito participativo. **Como chegar:** 42.235901 -8.721149

Museo Municipal Quiñones de León

Nace coa doazón deste espectacular pazo ao municipio de Vigo en 1924, co obxecto de albergar o gran legado cultural e patrimonial da cidade. O edificio, xunto cos seus xardíns, constitúe un elemento museolóxico de primeira orde, xa que mantén a súa estrutura e disposición orixinal. **Como chegar:** 42.214375 -8.727486

Museo do Mar de Galicia

Posúe unha das máis completas exposicións permanentes relacionadas co mundo do mar e a pesca, que á súa vez se combinan con outras temporais. O espectacular edificio é obra do arquitecto italiano Aldo Rossi, quen visualizou no esqueleto dunha vella fábrica de conservas de Alcabre unha edificación moderna e moi inspiradora. O proxecto foi finalizado polo galego César Portela. O Centro Arqueolóxico SALINAE, xestionado polo Museo do Mar, permite entender o funcionamento da única instalación salineira mariña de evaporación solar conservada e musealizada de todo o Imperio romano. **Como chegar:** 42.238155 -8.717503



VERBUM. Casa das Palabras

Proxectado polo arquitecto galego César Portela e situado no contorno da praia de Samil, o VERBUM é un museo interactivo que se centra en todos os ámbitos relacionados coa comunicación humana. Foi deseñado como un espazo cultural, lúdico e divulgativo no que se pode participar dun modo activo nos elementos expositivos. **Como chegar:** 42.212994 -8.773667

Colección de Arte Francisco Fernández del Riego. Casa Galega da Cultura

En 1995, o autor Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913–Vigo, 2010) doou os seus fondos bibliográficos, documentais e artísticos á cidade de Vigo. A colección está integrada por máis de 20.000 títulos aos que hai que engadirles a correspondencia persoal do escritor con outras figuras do galeguismo e a intelectualidade no período de entreguerras. **Como chegar:** 42.238476 -8.725452

Fundación Liste. Museo Etnográfico

O edificio que alberga o museo é unha vivenda do século XX habilitada para expoñer e conservar o patrimonio galego nos seus aspectos materiais e espirituais. As máis de 2.000 pezas expostas supoñen un achegamento a determinados aspectos monográficos da vida cotiá. **Como chegar:** 42.217915 -8.730980

Casa das Artes

Trátase dun sobrio edificio racionalista de granito que data de 1939. Constitúe desde 1990 un espazo destinado a albergar exposicións temporais e posúe un amplo abanico de exposicións que poñen de relevo un dos seus primordiais obxectivos: a difusión da cultura en todas as súas manifestacións. **Como chegar:** 42.237754 -8.722957

Arquivo fotográfico Pacheco: presenta a máis completa colección de recursos fotográficos sobre a cidade de Vigo, ata un total estimado de 140.000 imaxes.

Colección Torras: Luís Torras é unha das figuras máis sobresaíntes das artes plásticas contemporáneas de Galicia, e en 1998 doou unha selección das súas obras á cidade de Vigo.

Fundación Laxeiro: esta nace en 1999 co fin de preservar e difundir a obra do artista lalinense José Otero Abeledo, Laxeiro (Lalín, 1908–Vigo, 1996), un dos máximos representantes da vangarda histórica galega.

Naturnova

Trátase dun centro interactivo de educación ambiental cuxo principal obxectivo é estimular o coñecemento do mundo que nos rodea e difundir a súa importancia co fin de valoralo, respectalo e quere-lo. **Como chegar:** 42.237408 -8.722033

Vigozoo

É o único parque zoolóxico de Galicia. Conta con máis de 400 animais e unhas 150 especies diferentes que viven no cume do monte da Madroa, a uns 10 km da cidade de Vigo. **Como chegar:** 42.248611 -8.674972



Festa da Reconquista

Vigo rememora a liberación da entón vila das tropas napoleónicas durante a guerra da Independencia en 1809 en torno ao 28 de marzo. Durante esa fin de semana o centro antigo da cidade volve ao século XIX con representacións teatrais que recrean as escaramuzas entre os franceses e o pobo vigués, verdadeiro artífice da expulsión definitiva dos invasores que saquearon a vila durante os 57 días que durou o asedio. En 2012, e debido ao grande éxito alcanzado, a festa foi declarada de Interese Turístico de Galicia. **Como chegar:** 2.238056 -8.725685



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

Festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas

Vigo foi potencia da industria pesqueira a nivel mundial, e o Cristo dos Aflixidos é froito de devoción das persoas que velan pola súa seguridade lonxe da terra firme. Desde 1861 o gremio do mar celebra e mantén arraigadas as súas tradicións, complementándoas con outras actividades de lecer coma os fogos de artificio ou un evento gastronómico coma o Festival de Cociña Mariñeira. **Como chegar:** 42.227939 -8.753651

27 BAIONA

Museo da Carabela Pinta. Arribada de Baiona

Baiona foi o primeiro porto de Europa que recibiu a noticia do descubrimento de América. O 1 de marzo de 1493 a carabela Pinta, capitaneada por Martín Alonso Pinzón, atracou nestas augas dando conta do achado. Coa conmemoración do V centenario do descubrimento construíuse unha réplica da embarcación, que permanece amarrada no peirao e pode visitarse. Ademais, cada 1 de marzo Baiona recrea a chegada histórica da carabela Pinta coa noticia do descubrimento do Novo Mundo coa celebración da Arribada de Baiona. A vila desconxela o seu pasado para vivir unha festa cun profundo significado histórico que goza da total participación e implicación das e dos seus habitantes e das decenas de miles de visitantes. **Como chegar:** 42.121216 -8.846763



Museo do Mar

O Museo do Mar sitúase no porto da Guarda, ao final do paseo marítimo. Alberga unha colección etnográfica de aparellos e artes de pesca que foi recompilada pola agrupación naturalista ANABAM, ademais dunha colección malacolóxica composta por máis de 18.000 cunchas mariñas recollidas por Ignacio Navarro. **Como chegar:** 41.902580 -8.880151

Museo Arqueolóxico de Santa Trega

Este museo, deseñado polo arquitecto Antonio Palacios e situado no cume do monte Santa Trega, alberga desde 1917 os obxectos atopados en diversas escavacións realizadas no poboado galaico-romano de Santa Trega, que abarca os períodos Paleolítico, Mesolítico, Neolítico, Bronce final, castrexo e romano. Moi recomendable. **Como chegar:** 41.888424 -8.871125



Festas do Monte

En 1913 descubriuse o gran xacemento arquitectónico de Santa Trega. Cos anos converteuse no recurso turístico e cultural máis visitado das Rías Baixas (o segundo de Galicia). Cando se cumpriron 100 anos do seu descubrimento decidiron celebralo, en principio cun carácter moi familiar, pero esta celebración pronto adquiriu gran relevancia e foi recoñecida en 2009 como Festa de Interese Turístico de Galicia. **Como chegar:** 41.888348 -8.871056

**29 COVELO**

Casa-Museo Pazo da Cruz

A casa na que se atopa é xa en si un museo, porque conserva todos os elementos dunha casa grande típica galega: o portón coa cruz e os pináculos, o patio, as viñas, o hórreo, a casa dos criados etc. Ademais alberga unha das coleccións etnográficas privadas máis importantes de Galicia con máis de 3.800 pezas. **Como chegar:** 42.264179 -8.348012

Serradoiro dos Carranos

Data de 1922 e grazas á exposición de elementos etnográficos que alberga podemos imaxinar como se fabricaban os carros e as ferraxes antigamente. Tras o corpo dun vello muíño que utilizaba a forza motriz da auga de rega para o seu funcionamento, no lugar de Vixiáns atópase, ademais do serradoiro, un sequeiro e un almacén. **Como chegar:** 42.283583 -8.316444

**30 MOS**

Festa da Rosa

Trátase dun evento singular dedicado á rosa de Quirós, presente nas insignias representativas do Concello. Esta festa é o centro dunha ampla variedade de actos culturais e lúdicos nos que se combina a tradición e a música. **Como chegar:** 42.191305 -8.640551

Centro de Interpretación da Cultura Popular

Situado no emblemático castelo de Sobroso e co obxectivo de conservar a nosa cultura tradicional a través dunha exposición permanente, o Centro de Interpretación da Cultura Popular de Ponteareas promociona a artesanía local, ofrece cursos e outras actividades relacionadas coa cultura popular. **Como chegar:** 42.205787 -8.463859

Corpus Christi

Desde 1857 a veciñanza confecciona alfombras florais que cobren unha vintena de rúas cun total de 6.000 m² de tapices vexetais. Este esforzo levado a cabo polas veciñas e veciños de Ponteareas foi declarado de Interese Turístico en 1968, e en 2009 de Interese Internacional. Moi interesante. **Como chegar:** 42.174129 -8.505049



32 O PORRIÑO

MINERGAL. Museo dos Minerais de Galicia

Sitúase no municipio no que se atopa un dos xacementos máis grandes do mundo dunha soa variedade de granito, o rosa Porriño. Nuns 130 m², este centro tecnolóxico do granito exhibe máis de 500 exemplares de minerais e rocas de todo o mundo, entre os que destacan os exemplares galegos. **Como chegar:** 42.152435 -8.633872

33 TUI

Museo Diocesano

O Museo Diocesano de Tui, inaugurado en 1756, está situado no antigo hospital de pobres e peregrinos (s. XVII), e consta dunha exposición permanente con pezas arqueolóxicas de gran valor histórico, arte sacra e unha sección de pintura e escultura. **Como chegar:** 42.046318 -8.644623

Museo Catedralicio

Ocupa o espazo da capela barroca de Santa Catalina, dentro da catedral de Tui. Nel exhibense pezas coma cetros procesionais, ornamentos sacros e numerosas imaxes. **Como chegar:** 42.045841 -8.644535



Centro de Interpretación da Natureza do Monte Aloia

Atópase situado na antiga casa forestal, unha curiosa construción realizada en 1921 e proxectada polo enxeñeiro de montes tudense Rafael Areses. Está aberto ao público desde 1988 e axuda ao visitante de forma interactiva a entender e interpretar este espazo protexido. **Como chegar:** 2.075497 -8.679876



Festas de San Telmo

San Telmo foi un frade da orde Dominica e gran predicador ao que se lle atribúen milagres. Case oito séculos despois da súa morte seguen celebrando a súa festa cada luns de Pascua, fieis á tradición aínda que se introduciron outras actividades de carácter pagán e festivo. **Como chegar:** 42.048798 -8.643798



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

34 ARBO

ARBO. Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea

Este museo interactivo presenta un percorrido pola historia, o ciclo biolóxico e os métodos de captura da lamprea, o vertebrado máis antigo da terra e o froito estrela do río Miño. **Como chegar:** 42.112406 -8.307363

35 A CAÑIZA

Casa-Museo Diego de Giráldez

O pintor e escultor Diego de Giráldez é un artista que conseguiu un merecido lugar dentro da pintura contemporánea española. O museo acolle máis de 250 obras do artista natural da Cañiza. **Como chegar:** 42.213013 -8.276204

Romaría da Franqueira

Destaca pola súa relixiosidade e vistosidade. Nela concéntranse miles de romeiras e romeiros que chegan peregrinando desde todas as zonas do sur da provincia e do norte de Portugal. É unha das romarías máis antigas de Galicia. Celébrase dúas veces ao ano: a romaría de Pascuillas, o luns de Pentecostés, e a coñecida como a romaría de verán, o 8 de setembro. Foi declarada Festa de Interese Turístico en 1999. **Como chegar:** 42.188847 -8.359963



EXPLORA A MAXIA DA NOSA ESENCIA:



COSTA NORTE

- 1 CATOIRA
- 2 VILAGARCÍA DE AROUSA
- 3 VILANOVA DE AROUSA
- 4 A ILLA DE AROUSA
- 5 CAMBADOS
- 6 MEAÑO
- 7 O GROVE
- 8 SANXENXO
- 9 POIO
- 10 PONTEVEDRA



COSTA SUR

- 20 VILABOIA
- 21 MARÍN
- 22 BUEU
- 23 CANGAS
- 24 MOAÑA
- 25 REDONDELA
- 26 VIGO
- 27 BAIONA
- 28 A GUARDA



INTERIOR NORTE

- 11 VILA DE CRUCES
- 12 LALÍN
- 13 RODEIRO
- 14 A ESTRADA
- 15 VALGA
- 16 CALDAS DE REIS
- 17 FORCAREI
- 18 MEIS
- 19 PONTE CALDELAS



INTERIOR SUR

- 29 COVELO
- 30 MOS
- 31 PONTEAREAS
- 32 O PORRIÑO
- 33 TUI
- 34 ARBO
- 35 A CAÑIZA







VIVE

Emocións á flor de pel

CULTURA RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



ríasbaixas